

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 2 DE
NOVEMBRO DE 2016**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día dous de novembro de dous mil dezaseis, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria debidamente convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e sete minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján –incorpórase á sesión iniciado o punto 1 da orde do día-, D. Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventora acetal: Dna. Isabel Carbonés Bosch, que se retira no punto 5 da orde do día.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

**1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN
EXTRAORDINARIA DO 11 DE OUTUBRO DE 2016.**

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión extraordinaria da Corporación municipal do 11 de outubro de 2016.

PARTE RESOLUTIVA

**2. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 41/2016.
TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE
GASTO.**

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. O acordo ditaminado ten o seguinte contido:

“Visto o proxecto de actuación nos interiores do Baixo do Antigo Hotel Comercio, elaborado pola oficina de rehabilitación do Concello, co obxecto de adecualo para a realización de actividades municipais.

Visto que o importe da actuación que se pretende levar a cabo ascende a 52.208,00 €, e que a execución do actual do orzamento require tramitar unha modificación de crédito que permita destinar parte do crédito consignado noutras aplicacións, e financiado con fondos propios, á obra antedita, o que suporía dotar crédito no orzamento vixente na aplicación 920.63200, destinando ó crédito doutras aplicacións, financiadas con fondos propios.

Tendo en conta que cabe efectuar transferencias de créditos de outras partidas do orzamento vixente non comprometidas pertencentes a distintas áreas de gasto.

CONSIDERANDO que se cumpre o ordenado nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; 40 e 41 do RD 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto do TRLRFL e as Bases de Execución do Orzamento para 2016.

Esta Presidencia, propón o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 41/2016 (transferencias de créditos entre distintas áreas de gasto), por importe de **49.135,00 €**, de acordo co seguinte detalle:

Aplicacións Minoradas		Concepto	Importe
1531	21000	Acceso a núcleos de poboación. Rep., Mant., Conservación de infraestruturas e bens naturais	7.135,00
1532	21000	Pavimentación de vías públicas. Rep., Mant., Conservación de infraestruturas e bens naturais	9.000,00
1531	22103	Acceso a núcleos de poboación. Combustibles e carburantes	4.000,00
1532	22103	Pavimentación de vías públicas. Combustibles e carburantes	1.000,00
1532	61900	Pavimentación de vías públicas. Inv. en infraestruturas e bens adicadas ó uso xeral	28.000,00
Total			49.135,00

Aplicacións Ampliadas		Concepto	Importe
920	63200	Administración Xeral. Inversión de reposición en edificios e outras construcións	49.135,00

SEGUNDO.- Expor este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados

poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e once votos en contra (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar o expediente de modificación orzamentaria 41/2016 e a proposta presentada nel de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

En primeiro lugar, o Sr.Alcalde dálle a palabra, por tempo de seis minutos, a Dna. Aida Menéndez Lorenzo, presidenta da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, que solicitou intervir ao abeiro do art. 10º do Regulamento de Participación Cidadá deste Concello. Di o Sr.Alcalde que o que se debate e se vota é o expediente de modificación de créditos e que ata agora estas intervencións eran sobre un documento que se presentara, esta que se pide ten que ver coa información adicional ao expediente, faise unha interpretación xenerosa da normativa.

Toma a palabra Dna. Aida Menéndez Lorenzo que se dirixe á presidencia e aos Grupos e agradece esta comparecencia. O proxecto da Asociación xa foi presentado o 6 de novembro, con tres aspectos: obxectivo, o que abrangue e xestión. Anteriormente tratamos de sensibilizar, non hai interese persoal ou político, móvenos un proxecto no que traballamos dende hai dezaoto anos. Conseguida a oficialidade do camiño, hai que atender aos peregrinos, é bo para a cidade e bo para os peregrinos. O bosquejo era do 6 de setembro, o 6 de novembro presentamos escrito, carecemos de asesor e de quen faga proxectos, o contido do proxecto foi feito cos nosos medios. Contiña para a parte baixa un centro de acollida, de atención e cousas relacionadas. Na parte de arriba suxerimos un albergue para peregrinos. Non había nada importante de obra, paneis e cousas así. O centro de interpretación sería o eixo, con información dos lugares do arredor. Habería paneis sobre outros camiños, igrexas e mosteiros, arquitectura relixiosa menor, arquitectura civil, etnografía, etc. Como en calquera centro de interpretación, habería maquetas, audiviosuais, biblioteca –co que temos e ampliando-. Monforte debe estar orgulloso de ter un camiño de Santiago. Hoxe por hoxe, cremos humildemente que se debe contar con nós. É un edificio noble, emblemático, a poñer en valor. Cómpre todo o baixo. Non nos compare con Sarria ou outros lados, por aí sobran peregrinos, aquí hai que atraelos. Para a xestión a facer, esta Asociación merece estar aí. Queremos poñer en valor o que o peregrino quere recibir: intercambio de experiencias, hospitalidade. Sensibilícese, Sr. Alcalde, confíe na Asociación, pedímoslle que a teña en conta. Nós tamén o teremos en conta a vostede, se está do noso lado. Moitas grazas.

A continuación, prodúcense as quendas ordinarias dos distintos Grupos municipais:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que dá as grazas á Asociación e á súa presidenta en particular, polo traballo, pola exposición e

pola súa reivindicación. Teño xa dito que é un tema para tratar fóra dos Plenos, para ver un uso consensuado do local. Non habería lugar ao de hoxe, se todos nos tivesemos xuntado a falar. Dásenos unha información sobre o uso do Hotel Comercio, o que hai que votar é a modificación de crédito, pero ten que ver co uso do edificio, sobre todo respecto ao que se acordou para o Consorcio da Ribeira Sacra, considerando que non ten atención ao público. Hai que ter sensatez, aprace o punto e falemos todos sobre o mellor para o Hotel Comercio. Se se mantén así, votaremos en contra da modificación de créditos.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que a modificación de créditos é para o baixo do Hotel Comercio. Agradezo a extraordinaria exposición de Aída Menéndez. Ninguén mellor que ela para expoñelo. Non hai interpretación xenerosa que valla, segundo o artigo 10 do Regulamento de Participación Cidadá. Este Grupo recibiu a mensaxe da Asociación, explicado pola presidenta. Non vou insistir, foi ben explicado, dende un punto de vista de voluntariado. Compartimos o proxecto e por iso nos puxemos a disposición e fixemos xestións para evitar o inconveniente que para a cesión era o contrato. Non é un chiringuito particular, díxoo o Alcalde na radio, non é algo irresponsable nin para unha Asociación que non teña acreditado a súa capacidade. O control do local sempre sería do Concello e sería reversible. Trouxemos xa dúas iniciativas, hoxe imos ver a terceira. A sensibilidade que di Esperta Monforte, pídoa para o apoio da nosa iniciativa. O proxecto do Alcalde é como se fose unha vivenda, só hai que asomarse e ver a potencialidade do local. Reconsidere o seu proxecto, deixe na súa maior parte o local diáfano. Por iso non imos apoiar o expediente, detraeríamos partidas para algo que non apoiamos. A proposta da Asociación é ambiciosa, o Alcalde está errado na división entre Camiño e Consorcio. Estamos en contra, por ser unha reforma que non compartimos.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que agradece a exposición de Dna. Aida. Xa anticipamos na prensa que imos votar en contra. O tema é importante para chegar a un acordo, retire este punto e busque acordo coa Asociación e coa oposición. Di que o vai executar igual, isto recórdame unha frase súa, de que cando a maioría vai nunha dirección e un na dirección contraria, o equivocado será este, como ir pola autovía ao revés dos outros. Fago un recoñecemento público ao traballo de dezaioito anos, que se non, non teríamos oficializado o Camiño. Podería vostede retirar este punto, as formas non son as adecuadas, toda a oposición en contra e vostede vaino facer igual. De non recapacitar, ímoslle votar en contra deste punto. O que vostede proxecta, esnaquiza ese espazo emblemático. Antes de ter trasladado o do Consorcio, debeu contar con nós. Nós retirabamos propostas se non tiñamos maioría, buscabamos acordo con maioría e sen ela. Debería ter contado coa oposición e coa Asociación. Non esqueza que está en minoría. De non reconsideralo, estaremos en contra e seguiremos falando sobre isto na moción que hai despois.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di a Esperta Monforte que non vota a favor porque non quere. Dille ao PP que si hai xenerosidade, este é un punto que non vén da Asociación. Dille a Dna. Aida Menéndez que a consideración á Asociación non quita certas cousas reprochables. Calquera asociación non ten dereito a terxiversar. Presentou un escrito o 6 de novembro de 2015 cunha declaración de intencións, non era un proxecto. O 15 de decembro de 2015 adoptouse

un acordo, con informe, de que non era legal. En lugar de discutilo, fixeron unha campaña contra o Alcalde. Se quere facer política, preséntese ás eleccións. Busque un local propio antes de querer un local público sen legalidade. O Concello nunca lle copiou nada. Falta á verdade, manipula datos. O primeiro piso do edificio, para albergue, ten vivendas que non son do Concello. Pídallo á Xunta a ver que di. Deixar cousas enriba da mesa é non gobernar. Logo sigo.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di ao Sr. Torres que non lle parece adecuado e correcto que se dirixa a Dna Aida da forma que o fixo, é unha persoa que non pode responder. Parece que non se enterou de por que votamos que non: o local queda mal, o Consorcio non nos aporta máis que traballo para a Intervención e custa diñeiro. Ponlle tres despachos e un almacén, que non lle son necesarios. Isto é unha improvisación para non dialogar coa Asociación e coa oposición. Inicialmente pediuse a xestión pola Asociación e por iso nos abstivemos, a xestión que a leve o Concello.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que cando o portavoz do Grupo Socialista pide respecto, debería aplicalo a el. Fraco favor se lle fixo dándolle a condición de portavoz dun proxecto persoal do Alcalde. Refírese aos servizos xurídicos, pero as dificultades removéronse e o que se pedía é posible. Os que fixeron política con isto foron vostedes, a polémica creárona vostedes, tanto respecto á Asociación como á posta á disposición do Consorcio. Invito ao público presente a que se quede a ver o pronunciamento sobre dúas mocións que hai despois. Non sei se o Sr. Tomé e o Sr. Torres son peregrinos, pero non coñecen a peregrinación e o Camiño como os coñece a Asociación. Reiteramos o voto en contra e lamentamos o ton do portavoz socialista.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non teñen no grupo de goberno a mínima sensibilidade. Unha vez máis dígolles que imos votar en contra. Non estivo axeitado o portavoz nin cara á Asociación nin cara á oposición. Nós, cando estabamos en minoría, non actuabamos así. Ademais de prepotencia, é soberbia. Nós deixamos sen baixar a feira á Compañía e o mesmo sen levar adiante o tren cafetería. En política, hai que estar sempre dispostos a ceder mesmo en maioría, pero especialmente en minoría. A Asociación leva dezaioito anos incansables traballando. Vostedes non coñecen o Camiño, como dixo o PP. Reiteramos o non, non queren consenso.

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Esperta Monforte sobre que a capitalidade do camiño non aporta nada: vaia por Deus! Dille ao PP que cada un ten os seus argumentos. Dille ao BNG que el prepotente e soberbio non é. Se fose así, pido desculpas. En doce anos de goberno do BNG, nunca se denegou unha modificación de créditos, perderon a memoria do seu goberno. Esperabao do PP, a súa portavoz é a única que fixo política con isto. Do BNG non o esperaba. Para a portavoz do PP, só serve o que ela quere, e se non, en contra. Pero non está ben a pinza do BNG co PP, só fai dano a Monforte e ao Consorcio da Ribeira Sacra. É dialogar anunciar o non na prensa? Sobre a dirección correcta, creo que imos nela. Traballamos para solucionar os problemas de Monforte. O expediente é necesario para poder facer estas obras. Se están en contra, intentáremolo doutra forma.

3. DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO EN PACIOS DE ARRIBA-A-PENELA.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“O informe de Secretaría neste asunto expón o seguinte antes de concluír co acordo que procedería, no caso de acceder ao solicitado por Massmedialuna, S.L. neste expediente:

“PRIMEIRO.- Antecedentes e feitos que concorren

En outubro de 2013, presentouse por D.Josep Martínez Ramírez, en nome e representación de Massmedialuna, S.L., a solicitude de desafectación e alleamento ao seu favor dun tramo dun camiño público que cruza a súa propiedade en Pacios de Arriba-A Penela, segundo a memoria elaborada polo Arquitecto D.Xosé Lois López Otero, que se achegaba coa solicitude.

O Concello enfocou o asunto como unha permuta, pero isto non resultou posible porque non había propiedade do solicitante a permutar polo tramo de camiño que desexaba adquirir. De feito, a permutar era máis ben a substitución do tramo en desuso a desafectar pola posta en uso doutro tramo do camiño a cargo de Massmedialuna, S.L. Iso deu lugar ao documento asinado polo entón Alcalde D.Severino Rodríguez Díaz o 25 de febreiro de 2015.

O 2 de xuño de 2016, D.Josep Martínez Ramírez, en nome e representación de Massmedialuna, S.L., presenta escrito de que se teña por cumprido o previsto no documento de febreiro de 2015. Se iso se quere ter de forma legal, haberá que tramitar a desafectación e o alleamento inicialmente solicitados.

O Aparellador municipal emite informe técnico valorando o tramo do camiño a desafectar e allear en 2.308,50 euros. Aínda que é superior ao importe que figuraba na memoria do Arquitecto Sr.López Otero, que era de 1.539,00 €, segue sendo inferior á cantidade de 4.500 euros, na que o Técnico municipal estima o realizado por Massmedialuna, S.L., para facer practicable outro camiño no lugar, segundo o previsto no documento de febreiro de 2015, polo que se se chega ao alleamento solicitado, non se aboaría cantidade algunha por Massmedialuna, S.L.

SEGUNDO.- Análise xurídica

Un camiño público ten carácter de ben de dominio público e, como tal, é inalienable. De tal modo, que se se quere atender ao solicitado por Massmedialuna, S.L., en primeiro lugar, habería que modificar a calificación xurídica do ben, pasando a ser a de ben patrimonial. Para iso, o art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, prevé o seguinte: “1. *La alteración de la calificación jurídica de los bienes de las Entidades locales requiere expediente en el que se acrediten su oportunidad y legalidad.- 2. El expediente deberá ser resuelto, previa información pública durante un mes, por la Corporación local respectiva, mediante «acuerdo adoptado» con el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de la misma.*” A oportunidade pode vir dada pola innecesariedade do tramo do camiño, que estaba en desuso, e a legalidade esixe o cumprimento das normas para o efecto. A esixencia de maioría absoluta do acordo plenario –tamén a prevé o art. 47.2.n) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local-, fai preceptivo o presente informe.

Unha vez que o inmovible fose patrimonial, o art. 112 do Regulamento de Bens das Entidades Locais di que “*Las enajenaciones de bienes patrimoniales se registrarán en*

cuanto su preparación y adjudicación por la normativa reguladora de la contratación de las Corporaciones locales.” Tendo en conta a contía do alleamento, corresponderíalle á Alcaldía, e por delegación, á Xunta de Goberno Local. Non obstante, cabe xa informar de que segundo o art. 137.4. da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, “Se podrá acordar la adjudicación directa en los siguientes supuestos: (...) f) Cuando se trate de fincas rústicas que no lleguen a constituir una superficie económicamente explotable o no sean susceptibles de prestar una utilidad acorde con su naturaleza, y la venta se efectúe a un propietario colindante.” Entendo que é aplicable para o alleamento do ben patrimonial resultante a favor de Massmedialuna, S.L.

Poderíase chegar ao mesmo resultado por analoxía coas parcelas sobrantes tendo en conta os artigos 7 e 115 do Regulamento de Bens das Entidades Locais: “7.-1. Se clasificarán como bienes patrimoniales las parcelas sobrantes y los efectos no utilizables.- 2. Se conceptuarán parcelas sobrantes aquellas porciones de terreno propiedad de las Entidades locales que por su reducida extensión, forma irregular o emplazamiento, no fueren susceptibles de uso adecuado.” “115.- Las parcelas sobrantes a que alude el artículo séptimo serán enajenadas por venta directa al propietario o propietarios colindantes o permutadas con terrenos de los mismos.”

En base ao exposto, o Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte) e cinco abstencións (Grupo do PP), acadando a maioría absoluta do número legal de membros, requirida no art. 47.2.n) da Lei 7/1985, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a desafectación do dominio público dun tramo de camiño existente en Pacios de Arriba-A Penela, que cruza a propiedade de Massmedialuna, S.L., como trámite previo do alleamento ao seu favor do ben patrimonial resultante de dita desafectación.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o expediente e o presente acordo por prazo dun mes, contado dende a inserción do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto no art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño. No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, será efectiva a desafectación e proseguiranse os trámites do alleamento.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que non habendo veciños en contra –se houberse alegacións, xa veríamos-, a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que se van abster, porque entenden a utilidade das fincas grandes, pero quedan á espera do trámite de alegacións.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que están a favor, confían tamén na exposición pública; en principio, coa documentación que hai, non ven problema

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que se hai algún inconveniente, haberá un mes para expoñelo. En principio, a favor.

4. DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO EN ROZAS-MARCELLE.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“O informe de Secretaría neste asunto expón o seguinte antes de concluír co acordo que procedería, no caso de acceder ao solicitado por por D. Ricardo Vázquez Rodríguez neste expediente:

PRIMEIRO.- Antecedentes e feitos que concorren

Presentou D.Ricardo Vázquez Rodríguez, veciño de Rozas-Marcelle, un escrito no que solicitaba que un camiño en desuso en dito lugar, entre as parcelas 404 e 233 da súa propiedade, quedase integrado na primeira delas, con vistas a un posible peche do camiño.

Aínda que o solicitante emprega o termo de servidume, o feito de que o camiño comunicase outros dous camiños, non é propio dunha servidume senón dun camiño público. En canto ao estado deste en desuso, está acreditado no expediente.

D.Ricardo Vázquez di no seu escrito que no seu día cedeu ao Concello parte da súa parcela. Talvez debeu entón tratar co Concello a permuta do cedido co que agora pretende obter, pero non estando acreditados os termos do que daquela pasou, debe afrontarse o asunto “ex novo”. Así se lle fixo saber verbalmente ao interesado, adiantándolle a valoración que estimaba o Aparellador municipal do camiño pretendido, e o interesado presentou un novo escrito no que a solicitude que formula é que se valore o camiño e este lle sexa alleado polo Concello.

O Aparellador municipal emite informe técnico valorando o camiño en 1.274,40 euros.

SEGUNDO.- Análise xurídica

Un camiño público ten carácter de ben de dominio público e, como tal, é inalienable. De tal modo, que se se quere atender ao solicitado por D.Ricardo Vázquez, en primeiro lugar, habería que modificar a calificación xurídica do ben, pasando a ser a de ben patrimonial. Para iso, o art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, prevé o seguinte: “1. *La alteración de la calificación jurídica de los bienes de las Entidades locales requiere expediente en el que se acrediten su oportunidad y legalidad.- 2. El expediente deberá ser resuelto, previa información pública durante un mes, por la Corporación local respectiva, mediante «acuerdo adoptado» con el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de la misma.*” A oportunidade pode vir dada pola innecesariedade do camiño, demostrada polo desuso en que se atopa, e a legalidade esixe o cumprimento das normas para o efecto. A esixencia de maioría absoluta do acordo plenario –tamén a prevé o art. 47.2.n) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local-, fai preceptivo o presente informe.

Unha vez que o inmovible fose patrimonial, o art. 112 do Regulamento de Bens das Entidades Locais di que *“Las enajenaciones de bienes patrimoniales se registrarán en cuanto a su preparación y adjudicación por la normativa reguladora de la contratación de las Corporaciones locales.”* Tendo en conta a contía do alleamento, corresponderíalle á Alcaldía, e por delegación, á Xunta de Goberno Local. Non obstante, cabe xa informar de que segundo o art. 137.4. da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, *“Se podrá acordar la adjudicación directa en los siguientes supuestos: (...) f) Cuando se trate de fincas rústicas que no lleguen a constituir una superficie económicamente explotable o no sean susceptibles de prestar una utilidad acorde con su naturaleza, y la venta se efectúe a un propietario colindante.”* Entendo que é aplicable para o alleamento do ben patrimonial resultante a favor de D.Ricardo Vázquez Rodríguez.

Poderíase chegar ao mesmo resultado por analogía coas parcelas sobrantes tendo en conta os artigos 7 e 115 do Regulamento de Bens das Entidades Locais: *“7.-1. Se clasificarán como bienes patrimoniales las parcelas sobrantes y los efectos no utilizables.- 2. Se conceptuarán parcelas sobrantes aquellas porciones de terreno propiedad de las Entidades locales que por su reducida extensión, forma irregular o emplazamiento, no fueren susceptibles de uso adecuado.” “115.- Las parcelas sobrantes a que alude el artículo séptimo serán enajenadas por venta directa al propietario o propietarios colindantes o permutadas con terrenos de los mismos.”*

Esta analogía tamén permitirá aplicar o art. 5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo que di que *“Los ingresos procedentes de la enajenación o gravamen de bienes y derechos que tengan la consideración de patrimoniales no podrán destinarse a la financiación de gastos corrientes, salvo que se trate de parcelas sobrantes de vías públicas no edificables o de efectos no utilizables en servicios municipales o provinciales.”*, e en consecuencia, a cantidade a obter de 1.274,40 euros entraría nas contas do Concello sen carácter finalista.

En base ao exposto, o Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte) e cinco abstencións (Grupo do PP), acadando a maioría absoluta do número legal de membros, requirida no art. 47.2.n) da Lei 7/1985, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a desafectación do dominio público do camiño existente en Rozas-Marcelle, entre as parcelas 404 e 203, das que é titular D. Ricardo Vázquez Rodríguez, como trámite previo do alleamento ao seu favor do ben patrimonial resultante de dita desafectación, nun prezo de 1.274,40 euros.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o expediente e o presente acordo por prazo dun mes, contado dende a inserción do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto no art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño. No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, será efectiva a desafectación e proseguiranse os trámites do alleamento.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións: